

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

12904 Orde PRA/1080/2017, do 2 de novembro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establecen a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.

O réxime xurídico dos solos contaminados en España defínese na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, cuxo título V versa sobre os solos contaminados, e complétase co Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, que rexe a xestión dos solos contaminados. No anexo I deste real decreto establécese unha relación de actividades potencialmente contaminantes do solo, con indicación da epígrafe da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) en que estas se encadran. Considérase que serán actividades potencialmente contaminantes do solo aquelas de tipo industrial ou comercial nas cales, xa sexa polo manexo de substancias perigosas, xa sexa pola xeración de residuos, poidan chegar a contaminar o solo.

O obxecto desta orde é modificar o anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, para a súa oportuna actualización. Esta modificación ten un dobre propósito. Por unha banda, pretende axustar a listaxe de actividades potencialmente contaminantes do solo á nova clasificación que establece o Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009), en substitución da antiga do ano 2003 –CNAE-93 rev. 1–. Por outra banda, a experiencia acumulada tras unha década de aplicación desta normativa aconsella actualizar as actividades consideradas como potencialmente contaminantes do solo. Deste modo introdúcense elementos adicionais de axilidade na tramitación administrativa das obrigas de información en materia de solos contaminados, todo isto sen mingua dos niveis adecuados de protección da saúde humana e o ambiente. O proceso de revisión destas actividades partiu dun estudo técnico específico no cal, sistematicamente, se analizaron os tipos de materias primas consumidas e os residuos xerados en cada actividade e estas foron encadradas na CNAE actualmente en vigor. En todo o proceso contou coa colaboración das comunidades autónomas.

Convén salientar que a revisión deste anexo se produce, como se sinalou, unha década despois da entrada en vigor, por vez primeira en España, dunha norma sobre xestión de solos contaminados. Neste tempo a aplicación desta norma foi poñendo en evidencia a existencia de situacións imprevistas que na práctica levaron a unha carga administrativa innecesaria para o control de actividades económicas que polas súas características teñen un potencial nulo ou marxinal de producir afeccións significativas no solo. Pois ben, este tipo de situacións tívose en consideración e para isto, xunto coa columna das actividades xa actualizada á nova CNAE, incluíuse unha nova columna na cal se sinala baixo que circunstancias ou situacións específicas tales rúbricas deixan de ter a consideración de potencialmente contaminantes. Estas exclusións fundamentáronse tanto nas conclusións extraídas do estudo antes referido como na experiencia acumulada por parte das autoridades ambientais das comunidades autónomas.

Coa nova redacción deste anexo incrementárase a efectividade dos recursos dedicados polas comunidades autónomas á xestión de solos contaminados xa que poderán focalizar os esforzos de control naqueles casos realmente merecedores de atención. Todo isto sen mingua para a protección do ambiente e a saúde das persoas.

Entre as modificacións introducidas convén sinalar o feito de que as instalacións de reparación de maquinaria e equipamento adscritas ao rúbrica 33, de grande importancia polo seu número, terán a consideración de potencialmente contaminantes cando contén con depósitos enterrados de substancias perigosas, consuman tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa por riba de determinado limiar, ou cando os focos potencialmente contaminantes do solo estean expostos á intemperie. Igualmente, cabe destacar que as actividades relacionadas co transporte e almacenamento (rúbricas 49. e 52.) terán a consideración de potencialmente contaminantes cando se verifiquen determinadas circunstancias, como existencia de talleres ou zonas de mantemento, de instalacións de almacenamento e fornecemento de combustible, almacenamento de substancias perigosas, entre outras.

Ademais destas modificacións, cabe destacar, por último, o feito de que se inclúe como actividade potencialmente contaminante do solo a realizada en instalacións de tiro deportivo, xa que se puido comprobar empiricamente a existencia de elevadas concentracións de contaminantes relacionados tanto coa munición como cos pratos que serven de branco. Efectivamente, nos solos que soportan este tipo de actividades constatouse a existencia de concentracións de hidrocarburos aromáticos policíclicos, así como chumbo e outros metais pesados en valores que exceden os niveis xenéricos de referencia e que, por tanto, poden supoñer un risco tanto para a saúde das persoas como para o ambiente.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, faculta os ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións necesarias para modificar, conforme o avance dos coñecementos científicos e técnicos, os seus anexos, logo de informe das comunidades autónomas e, se é o caso, por proposta destas. En virtude desta habilitación, procédese á elaboración desta orde e á conseguinte actualización do anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación xeral da sanidade, e no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a lexislación básica sobre protección do ambiente.

Con carácter previo á elaboración do texto desta orde substanciouse unha consulta pública a través do portal web do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de conformidade co artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Realizáronse, así mesmo, os trámites de participación pública e de audiencia ás comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, ás entidades locais e aos sectores máis representativos potencialmente afectados. Ademais, someteuse ao Consello Asesor de Medio Ambiente e ao trámite de participación pública, de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e de conformidade cos preceptos da Lei 50/1997, do 27 de novembro.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación do anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.

O anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establecen a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO I

Actividades potencialmente contaminantes do solo

| CNAE-2009 | Título da actividade | Alcance da actividade |
|-----------|--|---|
| 06 | Extracción de cru de petróleo e gas natural. | Exceptúanse as actividades sobre lámina permanente de auga. |
| 07.29 | Extracción doutros minerais metálicos non férreos. | Todas as actividades. |
| 09.10 | Actividades de apoio á extracción de petróleo e gas natural. | Exceptúanse os servizos de prospección, os servizos de extinción de incendios e as actividades sobre lámina permanente de auga. |
| 10.4 | Fabricación de aceites e graxas vexetais e animais. | Exceptúanse muíños de aceite de oliva cun volume de produción igual ou inferior ao sinalado no anexo 1 epígrafe 9.1.b.ii da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación. |
| 13.30 | Acabamento de téxtiles. | Todas as actividades. |
| 13.96 | Fabricación doutros produtos téxtiles de uso técnico e industrial. | Unicamente a fabricación de tecidos impregnados, bañados, recubertos ou estratificados con materias plásticas. |
| 15.11 | Preparación, curtume e acabamento do coiro; preparación e tinguidura de peles. | Todas as actividades. |
| 16.10 | Serradura e cepilladura da madeira. | Cando se realizan tratamentos químicos. |
| 16.21 | Fabricación de chapas e taboleiros de madeira. | Todas as actividades. |
| 17.1 | Fabricación de pasta papeleira, papel e cartón. | Todas as actividades. |
| 17.24 | Fabricación de papeis pintados. | Todas as actividades. |
| 18.11 | Impresión de periódicos. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |
| 18.12 | Outras actividades de impresión e artes gráficas. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado – Excepto actividades polo miúdo. |

| CNAE-2009 | Título da actividade | Alcance da actividade |
|-----------|--|--|
| 18.13 | Servizos de preimpresión e preparación de soportes. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. – Excepto actividades polo miúdo. |
| 19 | Coquerías e refinación de petróleo. | Exceptúanse a fabricación de briquetas de turba e a fabricación de briquetas combustibles de hulla e lignito. |
| 20 | Industria química. | Todas as actividades excepto o enriquecemento de minerais de uranio e torio. |
| 21 | Fabricación de produtos farmacéuticos. | Exceptúase a fabricación de substancias radioactivas para o diagnóstico en vivo. |
| 22.1 | Fabricación de produtos de caucho. | Todas as actividades. |
| 23.1 | Fabricación de vidro e produtos de vidro. | Todas as actividades. |
| 23.31 | Fabricación de azulexos e baldosas de cerámica. | Todas as actividades. |
| 23.41 | Fabricación de artigos cerámicos de uso doméstico e ornamental. | Todas as actividades. |
| 23.65 | Fabricación de fibrocemento. | Todas as actividades. |
| 23.9 | Fabricación de produtos abrasivos e produtos minerais non metálicos n.c.n.p. | Todas as actividades. |
| 24.1 | Fabricación de produtos básicos de ferro, aceiro e ferroalixes. | Todas as actividades. |
| 24.2 | Fabricación de tubos, tubaxes, perfís ocos e os seus accesorios, de aceiro. | Todas as actividades. |
| 24.3 | Fabricación doutros produtos de primeira transformación do aceiro. | Todas as actividades. |
| 24.41 | Produción de metais preciosos. | Exceptúase o comercio polo miúdo. |
| 24.42 | Produción de aluminio. | Todas as actividades. |
| 24.43 | Produción de chumbo, zinc e estaño. | Todas as actividades. |
| 24.44 | Produción de cobre. | Todas as actividades. |
| 24.45 | Produción doutros metais non férreos. | Todas as actividades. |
| 24.5 | Fundición de metais. | Todas as actividades. |
| 25 | Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipamento. | Todas as actividades. |
| 26.1 | Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados. | Todas as actividades. |
| 26.2 | Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos. | Exceptúase a ensamblaxe de compoñentes. |

| CNAE-2009 | Título da actividade | Alcance da actividade |
|-----------|---|---|
| 26.3 | Fabricación de equipamentos de telecomunicacións. | Exceptúase a ensamblaxe de compoñentes. |
| 26.4 | Fabricación de produtos electrónicos de consumo. | Exceptúase a ensamblaxe de compoñentes. |
| 26.51 | Fabricación de instrumentos e aparellos de medida, verificación e navegación. | Exceptúase a ensamblaxe de compoñentes. |
| 26.6 | Fabricación de equipamentos de radiación, electromédicos e electroterapéuticos. | Todas as actividades. |
| 27.1 | Fabricación de motores, xeradores e transformadores eléctricos, e de aparellos de distribución e control eléctrico. | Todas as actividades. |
| 27.2 | Fabricación de pilas e acumuladores eléctricos. | Todas as actividades. |
| 27.3 | Fabricación de cables e dispositivos de cableado. | Todas as actividades. |
| 27.4 | Fabricación de lámpadas e aparellos eléctricos de iluminación. | Todas as actividades. |
| 27.51 | Fabricación de electrodomésticos. | Todas as actividades. |
| 27.9 | Fabricación doutro material e equipamento eléctrico. | Todas as actividades. |
| 28 | Fabricación de maquinaria e equipo n.c.n.p. | Todas as actividades. |
| 29 | Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques. | Todas as actividades. |
| 30.1 | Construción naval. | Todas as actividades. |
| 30.2 | Fabricación de locomotoras e material ferroviario. | Todas as actividades. |
| 30.3 | Construción aeronáutica e espacial e a súa maquinaria. | Todas as actividades. |
| 30.4 | Fabricación de vehículos militares de combate. | Todas as actividades. |
| 30.91 | Fabricación de motocicletas. | Todas as actividades. |
| 30.92 | Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade. | Todas as actividades. |
| 31 | Fabricación de mobles. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |

| CNAE-2009 | Título da actividade | Alcance da actividade |
|-----------|--|---|
| 33.11 | Reparación de produtos metálicos. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |
| 33.12 | Reparación de maquinaria. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |
| 33.14 | Reparación de equipamentos eléctricos. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |
| 33.15 | Reparación e mantemento naval. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |
| 33.16 | Reparación e mantemento aeronáutico e espacial. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |
| 33.17 | Reparación e mantemento doutro material de transporte. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen tintas, pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |
| 35.12 | Transporte de enerxía eléctrica. | Subestacións eléctricas e transformadores de potencia ou reactancias. |

| CNAE-2009 | Título da actividade | Alcance da actividade |
|-----------|---|--|
| 35.13 | Distribución de enerxía eléctrica. | Subestacións eléctricas e transformadores de potencia ou reactancias. |
| 35.15 | Produción de enerxía hidroeléctrica. | Todas as actividades. |
| 35.16 | Produción de enerxía eléctrica de orixe térmica convencional. | Todas as actividades. |
| 35.18 | Produción de enerxía eléctrica de orixe eólica. | Unicamente as subestacións e transformadores de potencia. |
| 35.19 | Produción de enerxía eléctrica doutros tipos. | Exceptúase a produción de enerxía eléctrica por transformación da enerxía solar en edificios residenciais. En actividades de produción de enerxía fotovoltaica, unicamente as instalacións de conversión e transformación. |
| 35.21 | Produción de gas. | Todas as actividades. |
| 37 | Recolla e tratamento de augas residuais. | Tratamento de augas residuais industriais. Tratamento de augas residuais urbanas en plantas de máis de 2.000 habitantes equivalentes. |
| 38 | Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización. | Operacións de valorización e eliminación de residuos incluídas no ámbito de aplicación da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados (anexos I e II) e as súas normas de desenvolvemento Exceptúanse as instalacións nas cales unicamente se leven a cabo operacións R 12 e/ou R 13 con residuos de «roupa» (20 01 10) ou «papel e cartón» (20 01 01) e a encapsulación, preparación e outro tipo de tratamento dos residuos nucleares para o seu almacenamento. |
| 45.2 | Mantemento e reparación de vehículos de motor. | – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado. |
| 45.4 | Venda, mantemento e reparación de motocicletas e dos seus recambios e accesorios. | – Cando existen depósitos enterrados de substancias perigosas ou – Cando se consomen pinturas ou vernices de base non acuosa en cantidades superiores a 1 t/ano ou – Cando os focos potencialmente contaminantes do solo se encontran á intemperie ou sobre solo non pavimentado – Exceptúase a venda. |

| CNAE-2009 | Título da actividade | Alcance da actividade |
|-----------|---|---|
| 46.12 | Intermediarios do comercio de combustibles, minerais, metais e produtos químicos industriais. | Todas as actividades. |
| 46.71 | Comercio por xunto de combustibles sólidos, líquidos e gasosos, e produtos similares. | Exceptúase o comercio por xunto de combustibles gasosos cando: <ul style="list-style-type: none"> – Non existen talleres ou – Non existen zonas destinadas a mantemento ou – Non existen zonas destinadas á limpeza de medios de transporte ou – Non existe almacenamento e/ou fornecemento de combustible ou – Non existen subestacións con transformadores de potencia ou reactancias ou – Non existe almacenamento de substancias perigosas non gasosas. |
| 46.72 | Comercio por xunto de metais e minerais metálicos. | Unicamente cando se produza almacenamento exterior ou sobre solo non pavimentado. |
| 46.73 | Comercio por xunto de madeira, materiais de construción e aparellos sanitarios. | Unicamente o comercio por xunto de pinturas e vernices. |
| 46.75 | Comercio por xunto de produtos químicos. | Todas as actividades. |
| 46.77 | Comercio por xunto de chatarra e produtos de refugallo. | Todas as actividades. |
| 47.3 | Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados. | Unicamente cando posúan instalacións de almacenamento a granel distintas ás de gas licuado do petróleo. |
| 47.78 | Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados. | Unicamente o comercio polo miúdo de combustibles líquidos para uso doméstico. |
| 49.1 | Transporte interurbano de pasaxeiros por ferrocarril. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen talleres ou – Cando existen zonas destinadas a mantemento ou – Cando existen zonas destinadas a limpeza de medios de transporte ou – Cando existe almacenamento e/ou fornecemento de combustible ou – Cando existe almacenamento de substancias perigosas ou – Cando existen subestacións eléctricas ou transformadores. |
| 49.2 | Transporte de mercadorías por ferrocarril. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen talleres ou – Cando existen zonas destinadas a mantemento ou – Cando existen zonas destinadas a limpeza de medios de transporte ou – Cando existe almacenamento e/ou fornecemento de combustible ou – Cando existe almacenamento de substancias perigosas ou – Cando existen subestacións eléctricas ou transformadores. |

| CNAE-2009 | Título da actividade | Alcance da actividade |
|-----------|---|---|
| 49.3 | Outro transporte terrestre de pasaxeiros. | <ul style="list-style-type: none"> - Cando existen talleres ou - Cando existen zonas destinadas a mantemento ou - Cando existen zonas destinadas a limpeza de medios de transporte ou - Cando existe almacenamento e/ou fornecemento de combustible ou - Cando existe almacenamento de substancias perigosas ou - Cando existen subestacións eléctricas ou transformadores. |
| 49.4 | Transporte de mercadorías por estrada e servizos de mudanza. | <ul style="list-style-type: none"> - Cando existen talleres ou - Cando existen zonas destinadas a mantemento ou - Cando existen zonas destinadas á limpeza de medios de transporte ou - Cando existe almacenamento e/ou fornecemento de combustible ou - Cando existe almacenamento de substancias perigosas ou - Cando existen subestacións eléctricas ou transformadores. |
| 49.5 | Transporte por tubaxe. | Cando se transportan e/ou bombean substancias perigosas non gasosas Cando se transportan e/ou bombean hidrocarburos líquidos. |
| 52.1 | Depósito e almacenamento. | Depósito e almacenamento de mercadorías perigosas non gasosas a granel. |
| 52.21 | Actividades anexas ao transporte terrestre. | <ul style="list-style-type: none"> - Cando existen talleres ou - Cando existen zonas destinadas a mantemento ou - Cando existen zonas destinadas á limpeza de medios de transporte ou - Cando existe almacenamento e/ou fornecemento de combustible ou - Cando existe almacenamento de substancias perigosas ou - Cando existen subestacións eléctricas ou transformadores. |
| 52.22 | Actividades anexas ao transporte marítimo e por vías navegables interiores. | <ul style="list-style-type: none"> - Cando existen talleres ou - Cando existen zonas destinadas a mantemento ou - Cando existen zonas destinadas a limpeza de medios de transporte ou - Cando existe almacenamento e/ou fornecemento de combustible ou - Cando existe almacenamento de substancias perigosas ou - Cando existen subestacións eléctricas ou transformadores. |

| CNAE-2009 | Título da actividade | Alcance da actividade |
|-----------|---|---|
| 52.23 | Actividades anexas ao transporte aéreo. | <ul style="list-style-type: none"> – Cando existen talleres ou – Cando existen zonas destinadas a mantemento ou – Cando existen zonas destinadas a limpeza de medios de transporte ou – Cando existe almacenamento e/ou fornecemento de combustible ou – Cando existe almacenamento de substancias perigosas ou – Cando existen subestacións eléctricas ou transformadores. |
| 74.2 | Actividades de fotografía. | Unicamente o revelado, o positivado e a impresión. Exceptúase o comercio polo miúdo. |
| 81.29 | Outras actividades de limpeza. | Unicamente a limpeza interior de camións e buques cisterna. |
| 93.12 | Actividades dos clubs deportivos. | Unicamente os clubs de tiro cando se utilice munición. |
| 96.01 | Lavado e limpeza de pezas de roupa téxtiles e de pel. | Exceptúase o comercio polo miúdo. |

Nota: Entenderase, de conformidade co artigo 3.1, que serán «titulares das actividades potencialmente contaminantes», para os efectos deste real decreto, os titulares de calquera actividade relacionada neste anexo, sexa principal ou secundaria.»

Disposición transitoria única. *Remisión dos informes preliminares de situación.*

Os titulares das novas actividades incluídas no anexo I mediante esta orde remitiranlle ao órgano competente da comunidade autónoma correspondente, nun prazo non superior a dous anos desde a data de entrada en vigor desta orde, un informe preliminar de situación para cada un dos solos en que se desenvolve esta actividade, co alcance e contido mínimo que se recolle no anexo II do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de novembro de 2017.–A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.